



Miriam Ferradáns: “Somos uns depredadores brutais, en todos os aspectos, e nin nos decatamos”

[Montse Dopico](#) 5 maio 2017

<https://praza.gal/cultura/miriam-ferradans-lsomos-uns-depredadores-brutais-en-todos-os-aspectos-e-nin-nos-decatamosr>

A opresión. O abuso. O medo. O silencio. Mais tamén o saberse sometidos. E, da maneira que sexa, a rebelión. A consciencia. A memoria. Son algunhas das ideas que fían *Deshabitar unha casa* e *Nomes de fume*, os dous libros cos que a poeta Miriam Ferradáns vén de gañar, respectivamente, os premios Francisco Añón e Pérez Parallé. Un detrás doutro, pouco antes de levar tamén o Leiras Pulpeiro por *Do tacto*. *Deshabitar unha casa* e *Nomes de fume* chegarán ás librarías nuns días: o segundo o 13 e o primeiro o 17.

Dedicas, nos agradecementos, *Deshabitar unha casa* ás “fillas da piolla”. E ten bastante que ver con todo o contido... En que sentido?

A verdade é que dubidei sobre que poñer nos agradecementos... Non quería poñer nomes concretos, e ao final puxen así para referirme a unha xeración, atrás da nosa, na que moitas mulleres foron fillas da piolla. Quero dicir que tiveron unha vida moi dura, que viviron auténticas barbaridades, e que tiveron que deixarse “comer para poder seguir”, -segundo escribo nos agradecementos-, se cadra non tanto para sobrevivir elas, senón para que a súa familia sobrevivise. É posible que non vaian ler moitas delas este libro, pero si que me gustaría que, se algunha delas o le, se entenda quen son as fillas da piolla... Preferín non especificar máis.

Hai unha continuidade entre os dous libros, aínda que o segundo, *Nomes de fume*, estea máis centrado na idea da perda. Pasou pouco tempo entre a escrita dunha e da outra?

A continuidade vén dada máis por ese aspecto temporal, si. Non escribín os dous libros ao mesmo tempo, pero case. É como se o segundo saíse do primeiro. *Nomes de fume* está centrado, si, nunha casa na que se produce unha perda e en como se trata esa perda. En *Deshabitar unha casa* tiven máis medos a tratar algunhas cousas. Fun, non sei como dicilo... máis prudente. En *Nomes de fume* quixen establecer como un diálogo coa persoa que marcha. Penso que fun honesta: creo que escribo desde a honestidade. Pero si é verdade que me abrín máis no segundo que no primeiro libro.

Gañaches o Francisco Añón con *Deshabitar unha casa* e o Pérez Parallé con *Nomes de fume*. Vés de gañar o Leiras Pulpeiro con *Do tacto*. En *Nomes de fume* está bastante presente o tacto...

‘Do tacto’ é distinto dos outros dous libros, aínda que haxa esa conexión. E iso está ben. Preocupábame andar camiñando en círculos, acabar falando sempre do mesmo. E penso que non foi así. Mais si, o tema do tacto a verdade é que é unha obsesión miña. Non aturo, por exemplo, que non me deixen comer coas mans. Entendo que é unha convención social e cultural, pero frústrame. Porque penso que se perde unha parte importante da... , non sei se chamarlle beleza..., de comer, usando garfo. Comer coas mans, o arroz por exemplo, é marabilloso. E eu teño ás veces a sensación de que o sentido do tacto está a perderse. Parece que nos é indiferente, mentres sexamos quen de teclear no móbil.

Pero *Do tacto* está centrado, en realidade, na guerra civil e nas súas consecuencias. Ademais, os versos son máis curtos que nos outros libros e xogo coas metáforas doutra maneira, máis atrevida. En realidade eu comezara a escribir de adolescente e despois deixeiño. Hai uns anos volví e, canto máis escribo, máis me atrevo. Teño menos medo de improvisar... De todas maneiras, *Do tacto* é un libro curtiño que estou pensando en ampliar. O que escribira antes de *Deshabitar unha casa*, *Nomes de fume* e *Do tacto* eran poemas soltos. Ao principio non era quen de escribir máis dun poucos versos. O primeiro poemario encadeado que fixen, de feito, foi *Deshabitar unha casa*.

***Deshabitar unha casa* fala de fame, de frío... Mais non é só pobreza. Parece que tamén é opresión e carencia de todo: de liberdade... Por que? Referíaste antes a unha xeración de mulleres...**

Había unha xeración que careceu de todo. Non era só fame. Xa sabes: é habitual escoitar iso de que na aldea algo que comer, mellor ou peor, sempre había. A fame neste libro é máis ben unha metáfora. Fame de saír, de medrar, de deshabitar a casa na que estás podrecendo, na que vives coméndote a piolla. Porque unhas xeracións atrás da nosa as mulleres pasárono realmente moi mal.

Non obvio, por exemplo, o tema dos abusos sexuais. Non afondei máis no tema neste libro, pero apetecíame que quedase aí. Porque é o que pasaba. Abusaban das nenas os pais, os tíos... e considerábase normal. Non estaba nin mal visto. A min iso prodúceme unha repugnancia total. Por iso no meu libro hai unha nena consciente, crítica, que se decata do que está a pasar. Que é moi crítica con quen abusa delas e predica a fe católica. Ela rebélase como pode. Necesitaba contar esa parte da historia que non vivín pero que si me contaron na miña aldea.

A voz poética fala tamén, si, de pobreza, pero non era só fame: era por exemplo falta de saneamento. Moitos estándares de calidade de vida chegaron ás aldeas moito máis tarde. E non só iso: se eras muller, o que che esperaba era ser señora de ou a filla solteira que queda na casa. Non se contemplaba que marchases para estudar, por exemplo.

Hai imaxes que se repiten moito nos dous libros, como o sangue. Que significan?

En *Deshabitar a casa* están, por exemplo, as gatas. O que eu quería era facer unha reflexión desde o cotián. Unha gata que se frega contra ti cando lle levas a comida, por exemplo. Esa imaxe é unha maneira de falar de que hai actos que poden parecer de amor, pero que non o son, porque non encerran máis que interese. Outra imaxe é a dos gatos aos que mataban pouco antes de que nacesen. Díciase que non podían chegar a abrir os ollos por primeira vez. Pois coas nenas

e os abusos sexuais pasaba algo semellante. Por que non podían abrir os ollos? Porque, igual que os gatos, se os abrían sería moito máis difícil facerlles o que lles facían. O sangue é unha imaxe moi potente que pode expresar o antes e o despois. Cando se derrama sangue prodúcese un cambio absoluto...

E a memoria? Di a voz poética que a memoria vaise deteriorando...

En *Nomes de fume* é moi importante. A memoria vai perdendo cor. Vaise debilitando co tempo, vaise diluíndo. Porque a memoria é educada para esquecer algunhas cousas. En *Nomes de fume* preténdese que a persoa que xa non está sexa esquecida. Hai un acto de vontade que tenta imporse sobre a memoria. A memoria é educada para que se esqueza a dor. Non se permite nin pronunciar o nome da persoa que falta. En *Deshabitar unha casa* tamén está a memoria, claro. Ao falar desde a infancia e a adolescencia, ten que estalo, pero non está no mesmo sentido que en *Nomes de fume*.

O fume é outro símbolo, relacionado coa memoria... A voz poética aprendera a aspirar o fume coa persoa que xa non está. E négase a esquecerla.

Un dos costumes que tiña a xente antes era queimar, ou agasallar, a roupa da persoa que morría. Desfacerse das súas pertenzas. Mesmo das fotos. O fume serve como metáfora diso. Cando se queima todo, que queda? Queda o nome da persoa. Un nome que non che deixan pronunciar. Todo o demais desaparece. Queda só un nome tabú, impronunciábel. Pero a nena, o neno, non quere esquecer. Aprendeu a respirar o fume, o que queda da queima.

E os paxaros? Tamén están moi presentes.

En *Deshabitar unha casa* os paxaros entran na casa e desfán todo. Son aves de rapiña. É un símbolo negativo, en principio. Pero a súa presenza tamén ten algo de liberador. Porque era necesario que entrasen para que, despois, fose preciso reconstruílo todo. Para que as persoas reaccionasen, para que se decatasen de que a casa non era habitable.

En *Deshabitar unha casa* o lobo abusa das nenas. En *Nomes de fume* hai un monstro. Cal é a relación entre eles?

Sobre o lobo, a verdade é que despois de escribir o libro dubidei de se fixera ben, porque se cadra usar o lobo como símbolo do mal é caer no fácil. Mais como imaxe é evidente: o lobo come nenas. É un depredador que só pensa en alimentarse e todo o mundo lle ten medo. En *Nomes de fume* o monstro é a imaxe da escuridade que envolve a familia. Cando hai un segredo familiar, cando hai algo que non se permite nomear... Cando se alimenta o tabú, o silencio, os rituais que nos levan a agochar a verdade.

Hai, nese sentido, e sobre todo en *Nomes de fume*, unha crítica da familia como institución. Ou polo menos da imaxe idílica da familia.

De feito, case ao final do libro, a voz poética di que podería derramar todo o seu sangue, é dicir, que podería saír da súa familia, -o sangue é imaxe da familia, xa se sabe: a expresión de que o sangue tira moito e todo iso -e que seguiría sendo quen é. Porque as familias ás veces extorsionan, asfixian, negan a respiración. É, si, unha crítica da visión ideal, bucólica, da familia, que ás veces impide respirar pensando que o fai polo teu ben, para protexerte, para que non sufras. A casa é no libro, neste sentido, a familia. A estrutura na que naces.

En realidade, os dous libros falan de opresión. Nunha xeración que podería ser a dos nosos avós, ou mesmo a dos nosos pais. Nós non pasamos fame...

Si, porque a familia pode significar iso, opresión, sometemento. Nós non pasamos fame, e a min non me pasou o que pasa no libro: a min non me impuxeron o silencio despois de que morrese alguén da familia. É a voz poética a que fala.

O monstro xoga co medo dos membros da familia á intemperie. A quedar sen casa.

Si, ás veces somos conscientes da opresión pero temos medo a saír porque, fóra, que hai? Eu non quería que estivese todo claro. Quería deixar marxe para quen lea. Pero tampouco quixen obviar iso. O medo existe: non é todo superación do medo e liberdade e felicidade...

E a dor? Nos dous libros é agochada.

No primeiro libro é unha dor con desquite. A nena sofre, pero en certo medo sabe que llas van pagar. A dor que sofre vaille servir para defenderse, aínda que sexa negada. No segundo libro é unha dor que non se pronuncia, porque entenden que se esquecen a persoa desaparecerá a dor. No primeiro libro a nena quere estourar e sacar a dor. No segundo hai un exercicio de ocultación. Non se quere pronunciar o nome da persoa ausente, mais iso produce aínda máis dor.

Corpo, sangue, carne, están tamén moi presentes... Por que?

O corpo é o corpo físico. Non hai máis. En *Nomes de fume* precisaba a presenza constante do corpo e da carnalidade en contraste co fume. As mulleres meten os pés na terra, da que nace a vida. O sangue, a carne, o corpo, son o que temos. Vivimos en interacción coa natureza, coa terra...

Cando a voz poética fala de carne e sangue, refírese ao canibalismo.

Como explicaba antes, quixen que os poemarios reflexionasen sobre distintas cousas a partir da vida cotiá. E eu penso que somos uns depredadores brutais, en todos os aspectos, e nin nos decatamos. O canibalismo fai referencia á comida, a comer carne. Eu son vexetariana e teño, cando vexo a xente comer carne, unha sensación de asistir á depredación, á falta de respecto por outras vidas. Pero non me refiro só a iso. Tamén o lobo é depredador coas nenas. Colle carne que non é súa e devóraa. Abusar de nenas e comer carne son cousas moralmente distintas, claro. Pero a min fanme pensar as dúas na capacidade do ser humano para a cegueira.

Formalmente, os dous libros son semellantes. Se cadra o segundo ten poemas algo máis longos.

Traballei máis o segundo que o primeiro. Eu vexo moitas diferenzas, pero se cadra non son tantas. O segundo está, na miña opinión, máis atinado: trato con máis exactitude algunhas ideas. Cara ao final, que é como un resumo, pode haber poemas máis longos. Mais si, desde o punto de vista formal os dous libros poden parecerse bastante. Son narrativos... É a miña forma de escribir.

Algo máis?

Espero que lle guste a quen o lea. Eu tentei ser honesta. E falo moito nos dous libros de dor, de opresión... pero son unha persoa que tamén sabe relativizar... Non todo é dor.